

**EXPEDIENTE Nº: 35/2018 - 2018001663: OBRA "EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIONES DE PIRAGÜISMO EN BALTAR – PORTONOVO (SANXENXO)**

**ASUNTO: ACTA DE POSTA EN COÑECEMENTO DO INFORME DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR, CONTIDA NO SOBRE "A", A EXCLUSIÓN, NO SEU CASO, DAS OFERTAS QUE NON CUMPRAN OS REQUIRIMENTOS DOS PREGOS, A APERTURA DO SOBRE "B" (PROPOSTA ADAPTADA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN ENUNCIADA, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO ARTIGO 159 DA LCSP, CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019**

\*\*\*\*\*

Na secretaría do Concello de Sanxenxo, sendo as 11:05 horas do día 17 de xaneiro de 2019, reúnense os membros da Mesa de Contratación, designados por resolución da alcaldía de data 4 de decembro de 2018. Preside o acto Don Telmo Martín González, alcalde do Concello; como membros vogais, o secretario accidental, Don Luis Ángel Sabariz Rolán e a funcionaria de intervención, Dona Teresa Amado Moldes, por delegación de data 16 de xaneiro de 2019 do interventor municipal; actúa como secretaria da Mesa e da fe do acto, Dona María Teresa Reyes Martínez, funcionaria da tesourería municipal.

Ábrese a sesión, que ten carácter público, acto ao que asiste Raquel González García, en representación do Colectivo Ecoloxistas do Salnés; Marcos Maseda Sousa, representante da mercantil Coviastec S.L. (presentou Plica nº3); e Elías Calvo Fermín, representante da mercantil Degalle Construcións S.A. (presentou a Plica nº2).

Procédese á lectura **do informe de valoración da documentación dependente de xuízo de valor, contida no sobre "A", subscrito polo Arquitecto Municipal Don Rafael Vázquez Abal e a Técnica de Medio Ambiente Municipal Dona Carmen Manuela Méndez Pérez, o 11 de xaneiro de 2019. Neste momento, o secretario accidental lembra que se admitiron as 3 Plicas presentadas na anterior sesión da mesa de data 27 de decembro de 2018.**

**Logo desta aclaración, o secretario accidental procede á lectura do informe, sendo as puntuacións outorgadas ás Plicas as seguintes:**

**Plica nº UN:** Presentada por ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN E VIAIS, S.L. (ACEVI), **18 puntos.**

**Plica nº DOUS:** Presentada por DEGALLE CONSTRUCCIÓN, S.A.; **22 puntos.**

**Plica nº TRES:** Presentada por COVIASTECC, S.L., **23 puntos.**

Á vista das puntuacións outorgadas polos técnicos citados anteriormente, dado que as tres Plicas alcanzaron unha puntuación superior a 15 puntos na documentación incluída no sobre

A, procédese á apertura dos sobres "B" (proposta adaptada aos criterios de adxudicación avaliáveis de forma automática) das tres Plicas presentadas que non resultaron excluídas, pola súa orde de presentación, dando lectura do contido das ofertas, sendo as propostas presentadas as seguintes:

Plica nº	Licitador	Redución do prazo de execución	Melloras	Incremento do prazo de garantía	Oferta económica
1	ACEVI	30 días	Oferta a recollida no PCAP	5 anos	270.834,55 €
2	DEGALLE	30 días	Oferta a recollida no PCAP	5 anos	267.589,20 €
3	COVIASSTEC	30 días	Oferta a recollida no PCAP	5 anos	261.383,90 €

Sendo as 11:25 horas auséntase da sesión os asistentes non membros da mesa.

A continuación, de acordo co recollido na cláusula 12.4 do PCAP, en acto non público, a Mesa de Contratación procede a avaliar e a clasificar as ofertas conforme aos criterios de adxudicación que se recollen na cláusula 6ª do PCAP e que a continuación se transcriben:

**"6.1.- Criterio de adxudicación cuantificable mediante xuízo de valor:**

**MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA DA OCUPACIÓN DO ESPACIO DUNAR:**

**ATA 25 PUNTOS: Dado que a obra se empraza nun espazo sensible, valoraranse os medios a utilizar para a non afección ou redución da ocupación do espazo dunar para a execución da obra. Ase mesmo será valorada a redución do acopio de materiais previsto para a execución do obra na zona valada contemplada polo contratista, que en ningún dos casos poderá acopiarse materias fora da superficie acotada.**

***A estes efectos os licitadores presentarán unha memoria descritiva da planificación dos traballos a executar, dos medios a utilizar durante a execución da obra, especialmente as características da maquinaria. Esta memoria deberá vir acompañada de planimetría na que se contemple a superficie exacta a ocupar dentro da zona máxima permitida, delimitada no plano SS 01 "Valado de parcela"; ase como todo o que se considere encamiñado a reducir a afección á duna."***

**Esíxese que a puntuación obtida por este criterio debe ser igual ou superior a 18 puntos, xa que se non a alcanza algunha proposta, non se procederá a valorar a documentación presentada para a súa valoración automática mediante a aplicación de fórmulas, non procedéndose á apertura do sobre B das propostas afectadas.**

***Esta Memoria será dun máximo de 25 páxinas (sen contar os planos), en papel formato DIN-A4, impresas a espazo e medio por unha soa cara, con marxes de 2 centímetros na parte superior, inferior, esquerda e dereita e tamaño de letra similar á Arial 11, admitirase dentro dos 2 cm a inclusión de pé de páxina e encabezado. Os***



planos que se precisen aportar como complemento a esta Memoria serán en formato DIN-A3. Dita Memoria conterá a exposición concreta e particularizada do aspecto valorable. Evitarase tanto nela como no conxunto da oferta a exposición de xeneralidades. Rexeitaranse as propostas que excedan do número máximo de páxinas establecido. Desagregarase nos seguintes:

**6.2.- Criterios de adjudicación avaliados matematicamente mediante a utilización de fórmulas**, coa descrición da puntuación que se atribúe a cada un:

**1. REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:** Valorarase ata un máximo de **30 PUNTOS**, a razón de **1,00 PUNTOS** por cada **DÍA NATURAL** de **redución do prazo de execución da obra con respecto ao prazo establecido no proxecto técnico.**

**2. MELLORAS:** Valorarase ata un máximo de **30 PUNTOS**. A estes efectos, para establecer unha maior obxectividade das melloras e que estas sexan de interese para a mellora da calidade da prestación, xa se establecen as **unidades completas** que poden ser ofertadas polos licitadores no documento denominado "**MELLORA DA EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO EN BALTAR – PORTONOVO (SANXENXO)**", que figura como **ANEXO A** a este prego, non admitíndose outras melloras que non sexan as establecidas no citado **ANEXO A**, nin o fraccionamento de cada unha das melloras.

**3. INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA:** Valorarase ata un máximo de **15 PUNTOS**, a razón de **3,00 PUNTOS** por cada ano de **ampliación da garantía con respecto ao prazo establecido neste prego, non admitíndose fraccionamento do período anual, polo que a oferta de ampliación terá que ser por anos completos.**

**4. OFERTA ECONÓMICA:** Valorarase ata un máximo de **25 PUNTOS**. **Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o Orzamento Base de Licitación, co IVE (284.987,63 euros €).** No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

Para determinar a puntuación que corresponda a este criterio, aplicarase a seguinte fórmula:

$$P=25 \times [(Y/X)]$$

sendo:

25=Puntuación máxima.

P= Puntuación obtida.

Y: Oferta máis baixa.

X: Oferta a valorar."

**TÁBOA DE VALORACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS PROPOSTAS ADMITIDAS**

Plica nº	LICITADOR	CRITERIOS DEP. XUÍZO VALOR (punt. Máx 25)	RED. PRAZO EXECUCIÓN (punt. Máx. 30)	MELLORAS (punt. Máx 30)	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA (punt. Máx. 15)	OFERTA ECONÓMICA (punt. Máx.25)	PUNTUACIÓN TOTAL
<b>3</b>	<b>COVIASSTEC S.L.</b>	<b>23</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>123</b>
2	DEGALLE CONSTRUCCIÓN S.A.	22	30	30	15	24,42	121,42
1	ACEVI S.L.	18	30	30	15	24,13	117,13

Unha vez realizada a valoración, a Mesa, **antes de proceder a realizar a proposta de adjudicación**, determina que non hai ningunha oferta anormalmente baixa por aplicación dos criterios establecidos no artigo 85.3 do R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCAP, tal e como indica a cláusula 12 do PCAP.

De seguido a Mesa propón ao órgano de contratación adjudicar o contrato da obra de **"EDIFICACIÓN PROVISIONAL PARA INSTALACIÓN DE PIRAGÜISMO EN BALTAR – PORTONOVO (SANXENXO)"** á mercantil **COVIASSTEC S.L.** polo prezo de **261.383,90 €** e de acordo coa oferta presentada.

A continuación e tendo en conta que a empresa con maior puntuación comunicou na súa declaración que estaba inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 1410, de conformidade co sinalado na cláusula 12.3º do PCAP e 159.3 da LCSP procédese pola Mesa de Contratación a comprobar, respecto da citada oferta, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia se a empresa está debidamente constituída, se o asinante da proposición ten poder bastante para formular oferta, se ostenta a solvencia económica financeira e técnica ou, a clasificación correspondente e se a empresa non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

Realizada a consulta no Rexistro da Comunidade Autónoma de Galicia, o secretario accidental verifica que a empresa "COVIASSTEC S.L.", está inscrita co número de inscrición 1410, e que consta o cumprimento do disposto na cláusula 12 do PCAP, indicado no parágrafo anterior, así como as clasificacións da empresa, indicando que deberá incorporarse ao expediente de contratación o certificado correspondente, que deberá ter efectos de validez do 26 de decembro de 2018, data de presentación da proposición.

Finalmente, a Mesa de Contratación vista a circunstancia sinalada no parágrafo anterior e de conformidade co sinalado na cláusula 12.7º do PCAP, ordena requirir a esta empresa para que presente no prazo dos 7 días hábiles seguintes desde o envío do requirimento pola Plataforma de Contratación do Sector Público, a seguinte documentación:

**- Constituír, por algún dos medios previstos no art. 108.1 da LCSP, a garantía definitiva dun 5 por 100 do prezo final ofertado, excluído o IVE, 10.800,99 €.**

Non existindo máis asuntos que tratar, e sendo as 11 horas e 45 minutos, o Presidente da Mesa deu por finalizada a sesión, de todo o que eu como secretaria da mesa certifico.